


TEMA 3

O DESENVOLVEMENTO DAS CIDADES NA IDADE MEDIA. ARTE ROMÁNICA E GÓTICA

I. UNHA ÉPOCA DE PROSPERIDADE

I.1 CAMBIOS QUE SE PRODUCEN NA AGRICULTURA

- O arado romano substituíuse polo arado de ferro.
- Nas rexións mediterráneas estendeuse o regadío.
- Difundíronse os muíños, movidos polo vento ou pola auga.
- Como consecuencia, a poboación europea medrou moito ao diminuír a mortalidade.



Arado de veso

I.2 DESENVOLVEMENTO DO COMERCIO E A BANCA

As principais rutas comerciais da Idade Media eran a *Ruta do Mediterráneo* e a *Ruta do Atlántico* e o *Báltico*.

ROUTA DO ATLÁNTICO E O BÁLTICO: comunicaba os portos portugueses e cantábricos coas cidades flamengas (Bruxas, Anveres) e alemás (Hamburgo, Lübeck), e rusas. As rutas estaban controladas por unha asociación de comerciantes, a HANSA.

ROUTA DO MEDITERRÁNEO: unía portos españois e italianos con portos musulmáns e bizantinos.

-As **feiras** eran reunións periódicas, xeralmente anuais, que se celebraban nunha localidade. Algunhas especializábanse nun determinado comercio, como as de Medina del Campo, dedicadas ao comercio da la.

-A **Hansa** era unha asociación de comerciantes que controlaba o tráfico de mercadorías no mar do Norte e no Báltico.



1. É A TÚA VEZ. INTERPRETA O MAPA (Páx. 71)

2. DEFINE: FEIRA, HANSA

Co crecemento do comercio supuxo a aparición de novas técnicas comerciais e financeiras:

- operacións de crédito (prestar diñeiro a cambio de altos xuros).
- o cambio de moeda deu orixe á **banca**. Para o cambio da moeda, apareceron do **cambiador**.
- aparición de contratos escritos para operacións comerciais que supuxeran certo risco. Son as **letras de cambio**.

II. O AUXE DAS CIDADES

II.1 CAUSAS QUE INFLUÍRON NO CRECIMENTO DAS CIDADES A PARTIRES DO SÉCULO XI

- 1) As **innovacións agrícolas** reduciron a necesidade da man de obra no campo. Este feito unido ó incremento da poboación, provocaron un **excedente de man de obra agrícola**. Moitos campesiños marcharon ás cidades buscando traballo.
- 2) Outros campesiños emigraron ás cidades para **escapar da servidume** do seu señor feudal, pois *todo o que pasaba un ano nunha cidade perdía a súa condición de servo*.
- 3) Os mercadores instalábanse nas cidades en busca da **protección** que ofrecían as súas murallas.

II.2 A SOCIEDADE URBANA

Os habitantes das cidades chamábanse burgueses. Había diferenzas entre os habitantes das cidades:

- A **elite** estaba formada por **mercadores e artesáns**. O **alto clero urbano** tamén formaba parte da elite.
- **Artesáns, tendeiros**, os que se dedicaban ao **servizo doméstico, freires, sacerdotes, estudantes**, etc.
- **pobres e marxinados**, que mendigaban e delinquían para sobrevivir.
- **minorías étnicas e relixiosas**, como xudeus e musulmáns que vivían en *xudarías e mourarías*.

As novas cidades fundáronse en:

- **Lugares estratéxicos das rutas comerciais**, como un cruzamento de camiños, unha ponte ou un porto;
- **Lugares ben protexidos**, como preto dun castelo ou dunha abadía.
- Burgo**: barrio das cidades en que vivían os comerciantes e os artesáns.
- Burgués**: o habitante das cidades.
- Foro**: documento en que se estipulaban os dereitos e privilexios das cidades e a forma en que habían de gobernarse.
- Rexedores**: autoridades municipais que se encargaban do goberno da cidade xunto co alcalde.
- Concello**: inicialmente, o goberno da cidade estaba formada por unha asemblea de toda a poboación. Máis tarde, o goberno da cidade recaerá no concello, presidido por un xuíz e os alcaldes e formado polos rexedores. Ocupábase da seguridade e defensa da cidade, recadación de impostos, coidado de murallas...

3.EXPLICA AS DIFERENZAS ENTRE OS HABITANTES DA CIDADE MEDIEVAL


4. DEFINE: BURGO, BURGÚÉS, FORO, REXEDORES

II.3 OS ARTESÁNS E OS GREMIOS

- Gremio**: era unha asociación de artesáns que se dedicaban ao mesmo oficio.
- Obradoiro**: parte da vivenda do mestre artesán onde se elaboraban os produtos á man e con poucas ferramentas. Este lugar servía tamén como tenda.
- Aprendiz**: era un mozo que quería aprender un oficio e traballaba para un artesán varios anos sen percibir ningún salario, ata que aprendía o oficio.
- Oficial**: tras a súa formación, o aprendiz convertíase en oficial e recibía un salario polo seu labor.
- Mestre**: cando un oficial se instalaba pola súa conta, pasaba a ser mestre tras realizar unha obra mestra ou peza de calidade.

*COMO SE ORGANIZABA A PRODUCCIÓN ARTESANAL?

Os artesáns elaboraban á man os seus produtos coa axuda de poucas ferramentas. Realizaban o seu traballo en pequenos obradoiros situados na casa do propietario, que tamén levaba a cabo a venda ao público dos produtos. Xeralmente, os artesáns que se dedicaban a unha mesma profesión vivían na mesma rúa e estaban agrupados en gremios que controlaban a produción e que se ocupaban da asistencia aos artesáns e ás súas familias.



5. DEFINE: GREMIO, APRENDIZ, OFICIAL, MESTRE

II.4 A RENOVACIÓN DA CULTURA

*POR QUE XURDIRON AS ESCOLAS NAS CIDADES?

As primeiras escolas urbanas apareceron porque os burgueses que vivían nas cidades desexaban que os seus fillos adquirisen saberes útiles para os negocios e o goberno.

*QUE DOUS TIPOS DE ESCOLAS URBANAS HABÍA?

As escolas urbanas podían depender do concello (municipais) ou do bispado (catedralicias ou capitulares). En ambos os tipos de escolas destacou a figura do mestre profesional, que se desprazaba dunha cidade a outra para impartir as súas ensinanzas, seguido, ás veces, polos seus alumnos.

-Universidade: centro de estudos superiores que apareceu na Idade Media. Ao principio non designaba un centro de estudos, senón unha asociación gremial de estudantes e profesores.

-Facultade: divisións das universidades, cada unha estaba especializada nunha disciplina. Estas eran catro: Artes Liberais, Medicina, Dereito e Teoloxía.

-Decano: era o director dunha facultade.

-Reitor: era o director dunha universidade.

6. DEFINE: UNIVERSIDADE, FACULTADE, DECANO, REITOR.

III. A CONSOLIDACIÓN DAS MONARQUÍAS

III.1 FORTALECIMENTO DO PODER REAL A PARTIRES DO SÉCULO XII

- ❑ O **crecemento económico** da época permitiu aos reis europeos recadar máis impostos e crear exércitos propios;
- ❑ O **crecemento das cidades** e a influencia que os reis tiñan sobre estas, serviu para contrarrestar o poder dos nobres e os seus feudos;
- ❑ O **desenvolvemento das universidades** fixo posible contar con xuristas que fomentaron a restauración do dereito romano, que reforzaba o poder e a figura do rei.

III.2 FUNCÍONS DOS PARLAMENTOS OU CORTES

- As **funcións** eran establecer novos impostos e aprobar gastos extraordinarios para sufragar as guerras.
- **Convocaba** o rei cando o consideraba oportuno, e só se reunían se el quería.

III. 3 ENFRONTAMENTOS ENTRE REINOS

O **incremento de enfrontamentos militares** debeuse a:

- O fortalecemento do poder real fronte ó dos nobres.
- A creación dos primeiros exércitos reais estables.

Os **conflitos estaban provocados**:

- ❑ Polo desexo dos reis de impoñer fronteiras claras.
- ❑ Polas loitas entre os monarcas e algún nobres poderosos que non querían recoñecer a autoridade real.

Moitos conflitos tiveron a súa orixe por *disputas sucesorias*. Por exemplo, a pretensión do rei inglés de herdar o trono francés deu lugar á **guerra dos Cen Anos (1337-1453)**, enfrontando durante máis dun século a Inglaterra e Francia.

III.4 CISMA DE OCCIDENTE

O Cisma de Occidente é a división da cristiandade entre a obediencia a dous papas distintos e contemporáneos. Esténdese entre os anos 1378 e o 1417.

7. ANALIZA O MAPA DOS REINOS EUROPEOS NO SÉCULO XIV (Faino así páx. 80)

IV. A CRISE DO SÉCULO XIV

IV.1 PROBLEMAS DA AGRICULTURA

Os **principais problemas** foron:

- O incremento das precipitacións, que provocou a perda de moitas colleitas.
- Unha intensa explotación dos terreos agrícolas, que se esgotaron.

Os **principais efectos** foron:

- ❑ A suba dos prezos dos produtos agrícolas.
- ❑ As crises de abastecemento nas cidades.

As **consecuencias** foron:

- ❑ As fames negras xeneralizáronse.
- ❑ A desnutrición estendeuse.

IV.2 REVOLTAS CAMPESIÑAS E URBANAS

As **causas das rebelións campesiñas** foron:

- A carestía dos alimentos.
- As subas continuas de impostos.

As **causas das revoltas urbanas** foron as mesmas que as campesiñas, e buscaban:

- ☐ Melloras nos salarios.
- ☐ Melloras nas condicións de traballo.

IV.3 A PESTE NEGRA

A peste negra foi unha terrible epidemia, una grave doenza infecciosa e contaxiosa que causou gran mortalidade entre enormes cantidades de seres humanos e animais. Xurdiu a mediados do século XIV, e orixinouse en Asia. A principal consecuencia foi a elevada mortalidade, entre 20 e 25 millóns de persoas, a cuarta parte da poboación europea.

8. INTERPRETA O MAPA PÁX. 83. APRENDO A MIRAR

V. A CULTURA E A ARTE NA IDADE MEDIA

POR QUE SE DI QUE O ROMÁNICO E O GÓTICO SON ESTILOS INTERNACIONAIS E RELIXIOSOS?

Fronte a manifestacións artísticas locais, propias dunha Europa formada por reinos illados uns de outros por mor das guerras e do sistema feudal, tanto o Románico como o Gótico foron, por primeira vez desde o final do Imperio romano, **estilos internacionais**, aínda que con lóxicas variantes rexionais.

En canto a súa **función relixiosa**, na Idade Media a maioría dos fieis non sabían ler, así que os textos sagrados cristiáns foron representados nas igrexas como relevos e pinturas cunha marcada función didáctica. O seu obxectivo era promover un achegamento dos fieis a Deus.

ONDE XURDIRON O ROMÁNICO E O GÓTICO? CALES SON AS SÚAS CRONOLOXÍAS?


Ambos xurdiron en Francia. O Románico desenvolveuse entre finais do século X e a primeira metade do século XII, mentres que o Gótico fíxoo entre a segunda metade do século XII e o século XV.

V. 1 ARTE ROMÁNICA

ELEMENTOS QUE CARACTERIZAN A ARQUITECTURA ROMÁNICA.

Os elementos da arquitectura románica son: o **arco de medio punto**, que ten forma de media circunferencia; as **columnas**, que adoitan sosterse sobre unha base e culminan nun capitel; os **contrafortes**, que son piares acaroados a un muro para reforzalo; a **bóveda de canón**, que ten forma semicircular, e a **bóveda de aresta**, que se forma cando se cruzan perpendicularmente dúas bóvedas de canón.


Arco de medio punto




Columnas



Bóveda de canón



Bóveda de aresta




Contraforte

POR QUE HABÍA POUCA LUZ NO INTERIOR DOS EDIFICIOS ROMÁNICOS?


Porque para reforzar o edificio e que non caese, construíase con muros grosos que se reforzaban con contrafortes no exterior, que reducían o número das xanelas, así como o seu tamaño.

COMO É A PLANTA DUNHA IGREXA ROMÁNICA?

CRUZ LATINA = CRUZ DE CRISTO




Planta da Catedral de Santiago de Compostela (1075-1211)



San Clemente de Tahull



San Martín de Frómista



Interior catedral Santiago


9. RECOÑECE OS TRAZOS ARQUITECTÓNICOS DO ROMÁNICO PÁXINA 59

TRAZOS QUE CARACTERIZAN AS ESCULTURAS ROMÁNICAS.

- * Adaptábanse á arquitectura.
- * As figuras humanas eran esquemáticas, carecían de naturalismo.
- * A perspectiva era xerárquica: a figura máis importante era máis grande que as demais.
- * Estaban policromadas, é dicir, pintadas con cores.



Capitel Fuxida a Exipto



Tímpano San Trófimo de Arlés



Virxe de Ger

TRAZOS QUE CARACTERIZAN A PINTURA ROMÁNICA?

- Pintábanse, sobre todo, temas relixiosos.
- As figuras eran esquemáticas e planas.
- Representábanse en posturas ríxidas con rostros severos.
- Empregábanse cores intensas.
- O contorno das figuras perfilábase cunha grossa liña negra.
- Non se incorporaban paisaxes de fondo.



Pantocrátor San Clemente Tahull


V. 2 ARTE GÓTICA

POR QUE SE DI QUE O GÓTICO É UN ARTE URBANO?


Porque se requirían edificios que cubrisen as novas necesidades urbanas xurdidas do crecemento das cidades a partir do século XII: lonxas para os mercadores, concellos para o goberno da cidade, palacios para os burgueses enriquecidos, catedrais que mostrasen a importancia da cidade, universidades para os estudantes...

CARACTERÍSTICAS QUE DEFINEN A ARQUITECTURA GÓTICA.


Os edificios eran máis esveltos e as ventás gañaron tamaño –**vidreiras**–, grazas a novas técnicas: o uso do **arco oxival ou apuntado**; a **bóveda de canón** foi substituída pola **bóveda de cruzaría**, resultado do cruzamento de dous arcos oxivais; e os piares reforzáronse no exterior con **contrafortes**, **arcobotantes** e **pináculos**.




Vidreira gótica



Arco oxival ou apuntado




Bóveda de cruzaría



COMO ERA A PLANTA DAS IGREXAS GÓTICAS?

Sigue sendo planta de **CRUZ LATINA**, pero as cabeceiras volvéronse poligonales en vez de semicirculares, porque é máis cómodo para colocar as vidreiras

IMPORTANCIA URBANÍSTICA
As catedrais góticas serán un dos edificios máis grandes e importantes das cidades, destacando as portadas e torres



O **CRUCEIRO** tende a ocupar a parte central da igrexa, fronte o Románico, no que a zona do altar non estaba tan desenvolta.

A diferenza de **ALTURA** entre a nave central e as laterais acentúase, xa que agora queren colocar cada vez máis e máis vistosas vidreiras



Catedral Notre Dame



Catedral de León



Interior Catedral León

Vidreiras Catedral León


PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ESCULTURAS GÓTICAS?

NATURALISMO

Frente ao carácter simbólico románico, a escultura gótica busca o realismo. As personaxes relaciónanse entre sí, e abandonan o hieratismo.

MAIOR DETALLISMO

Vestidos, actitudes e xestos máis orgánicos. Vese un interese por **INDIVIDUALIZAR OS ROSTROS** das figuras (abandónase a isocefalia)



POLICROMÍA

Usada para conferir maior realismo.



TRIUNFO DA CURVA

Proporcionou movemento ás figuras

PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DA PINTURA GÓTICA?

- Busca do realismo e do movemento das figuras.
- Riqueza de cores e o uso do dourado.
- Introdución de paisaxes de fondo.
- Expresión dos sentimentos.

10. APRENDO A MIRAR PÁX 87